

PROPOSTAS A PARTIR DA ESCULTURA



“LA CARICIA DE UN PÁJARO” (Miró 1967)

1.FACER PLASTILINA

Sabiades que se pode facer plastilina caseira ?

Pois aquí tedes unha receita para que en compañía dun adulto xuntedes os ingredientes e despois de amasar durante un ratiño conseguiredes ter plastilina.

O que precisades é:

- 2 TAZAS DE FARIÑA
- 1 TAZA DE SAL FINA
- 2 TAZAS DE AUGA
- ACEITE (Ir engadindo pouco a pouco en función de como vexades a masa)
- CREMOR TARTARO (opcional, non hai porque botarillo) ou algo similar pode ser o gasificante litines
- COLORANTE ALIMENTICIO



Aquí tedes un enlace para ver os pasos a seguir así como tamén o xeito de conservala:

<https://www.youtube.com/watch?v=SQmsriHYP4w>

2. ESCULTURA CON PLASTILINA

Unha vez que teñades a plastilina lista xa podemos xogar con ela, en caso de que non fagades a plastilina podedes usar a que teñades na casa para facer as actividades.

- O primeiro será intentar recrear a escultura de Miró (tedes a imaxe ao inicio). Para iso analizarédela con detalle vendo como é e despois lle iredes dando forma á plastilina intentando empregar as mesmas cores.
- Outra actividade pode ser deixar voar a imaxinación e crear as vosas propias esculturas, sodes uns/unhas grandes artistas e seguro que vos quedan unhas obras de arte máis chulas que a Miró.

Se creades a vosa obra tamén lle podedes poñer un título.

3. MODELAR LETRAS

- Outro uso que lle podemos dar á plastilina é facer letras.

Podedes traballar o título da escultura facéndoo con diferente dificultade :

Para 3 anos: farían a palabra PAJARO

Para 4 anos: CARICIA e PAJARO

Para 5 anos: LA CARICIA DE UN PAJARO



- Outra proposta sería facer o nome do neno/a, facéndoo os de 3 e 4 anos en maiúscula e os de 5 anos en minúsculas.

4. TRABALLAR A XEOMETRÍA



Para esta actividade necesitaremos plastilina e tamén palillos, paliños de brochetas ou algo similar que se vos ocurra.

E a partir dese material podedes construír :


- Con menor dificultade para os máis pequenos



- Con maior dificultade para os máis atrevidos/as:



- Outra variante sería ,unha vez máis, darlle renda solta á imaxinación e experimentar de forma creativa con ese material , algún exemplo:



5.MANDALAS

Esta actividade consiste en facer unha mandala con plastilina.

A partir dun círculo ir colocando boliñas , churros, figuras...

facendo cada un a súa composición.

A modo de exemplo podedes ver esta mostra pero cadaquen que faga a súa propia incluso lle podedes engadir outros elementos.

